

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 26 de decembro de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas do día vinte e seis de decembro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1620).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno ratifica a urxencia de sesión.

2(1621).- PROPOSTA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA ÁREA DE URBANISMO, CASCOS HISTÓRICOS, GRANDES PROXECTOS E PATRIMONIO NO CONCELEIRO D. CARLOS LÓPEZ FONT.

Dáse conta da proposta de referencia, asinada polo Excmo. Alcalde con data 23.12.14, que di o seguinte:

Con motivo da ausencia da membro de Goberno e primeira tenente de alcalde, D^a M^a Carmen Silva Rego, dende o día 29 de decembro 2014 ata o 09 de xaneiro de 2015, ambos inclusive, e coa finalidade de garantir o normal funcionamento das áreas de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio, nela

delegadas por acordo da Xunta de Goberno Local, sesión do 30 de xullo de 2014, esta Alcaldía-Presidencia emite a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO:

Primeiro.- Avogar as competencias delegadas das Áreas de urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio na concelleira D^a M^a Carmen Silva Rego que se conteñen no acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de xullo de 2014 dende o día 29 de decembro 2014 ata o 09 de xaneiro de 2015, ambos incluídos, recuperando novamente a súa vixencia a devandita delegación ao día seguinte do período indicado.

Segundo.- Delegar no concelleiro D. CARLOS LÓPEZ FONT as competencias da Xunta de Goberno Local referidas á áreas de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio, en todos os termos que se conteñen no acordo da Xunta de Goberno Local, sesión 30 de xullo de 2014, dende o día 29 de decembro 2014 ata o 09 de xaneiro de 2015, ambos incluídos.

Terceiro.- Notificar o acordado aos concelleiros e demais persoal interesado e dar conta mediante a intranet municipal.

Cuarto.- O acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/2986 e darase conta del ao Pleno da Corporación para os efectos de información.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

3(1622).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA PAZOS E ENTRONQUE. EXPTE. 2725/440.

Dáse conta da proposta de data , asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 26 de decembro de 2014 as 10.30, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

4.- Propostas de clasificación.

- a) *Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Pazos e entronque (expediente 2725-440)*

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 11-12-2014, 12-12-2014, 16-12-2014, 17-12-2014, 18-12-2014 e 26-12-2014 e dos informes do xefe da área de Fomento, de datas 16, 17 e 26 de decembro de 2014, se propón á Xunta de

Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Propoñer a exclusión do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Pazos e entronque, de ORESA, S.L., EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L. e CANALIZACIONES DE TELECOMUNICACIONES Y SANEAMIENTOS S.L., por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación de humanización da rúa Pazos e entronque”, no seguinte orde decrecente:

	EMPRESA	PUNTOS
1	UTE ACEVI – MOTAJES J.M. IGLESIAS , S.L.	90,18
2	HORDESCON, S.L.	81,64
3	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU	78,55
4	EMERGIS CONSTRUCCIÓN S.L.	76,40
5	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.U.	63,29
6	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA, S.L.	55,44

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, S.L- MOTAJES J.M. IGLESIAS, S.L., para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.*
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.*
- Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FEC.*

Cuarto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 657,22 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

4(1623).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMIENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN. EXPTE. 2674/440.

Dáse conta da proposta de data 26.12.14 asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 26 de decembro de 2014 as 10.30, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

4.- Propostas de clasificación.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón (expediente 2674-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 11-12-2014, 12-12-2014, 16-12-2014, 17-12-2014, 18-12-2014, 19-12-2014 e 26-12-2014 e dos informes do xefe da área de Fomento, de datas 16, 18 e 26 de decembro de 2014, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Propoñer a exclusión do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón, de CANALIZACIONES DE TELECOMUNICACIONES Y SANEAMIENTOS, S.L., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón”, no seguinte orde decrecente:

	EMPRESA	PUNTOS
1	CIVISGLOBAL, S.L.	90,18
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	88,60
3	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L.	88,57
4	UNIKA, PROYECTOS Y OBRAS, SAU.	85,61
5	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, SLU.	83,00
6	STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	82,80
7	ORECO, S.A.	79,48
8	COPCISA, S.A.	74,99
9	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA, S.L.	42,83
10	HORDESCON, S.L.	25,57

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVISGLOBAL, S.L. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

- *Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.*
- *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.*
- *Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FEC.*

Cuarto.- Requiritur ao citado licitador o aboamento de 657,22 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

5(1624).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 1213/106.

Dáse conta da proposta de data 26.12.14, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 26 de decembro de 2014 ás 13.30, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

4.- Propostas de clasificación.

- a) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento do mercado do Progreso (expediente 1213-106)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 11-12-2014, 12-12-2014, 15-12-2014, 18-12-2014, 19-12-2014 e 26-12-2014 e dos informes do xefe do servizo de Limpeza, de datas 16, 18 e 26 de decembro de 2014, e do arquitecto técnico municipal e do xefe do servizo de Limpeza de data 26 de decembro de 2014, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Propoñer a exclusión do procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento do mercado do Progreso, de CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U., e COPCISA, S.A., por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento do mercado do Progreso”, no seguinte orde decrecente:

- 1. CIVISGLOBAL: 94,00 puntos*
- 2. OGMIOS PROYECTO, S.L.: 88,82 puntos*
- 3. UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS S.A.-CONSTRUCCIONES Y PROXECTOS ABILLERIA, S.L.: 88,76 puntos*

4. OREGA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS, S.L.: 84,33 puntos
5. ORECO, S.A.: 83,97 puntos
6. CONSTRUCTURA SAN JOSE, S.A.: 83,46 puntos
7. UTE XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. / ABECONSA, S.L.: 76,43 puntos
8. EMERGIS: 73,82 puntos
9. STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.: 68,52 puntos
10. CONSTRUCCIONES MOYUA: 34,44 puntos
11. MISTURAS, S.A.: 26,38 puntos
12. EXTRACO, S.A.: 22,84 puntos
13. CONSTRUCCIONES ANGEL JOVE, S.A.U.: 17,40 puntos

Terceiro.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVISGLOBAL, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.*

Cuarto.- *Requirir ao citado licitador o aboamento de 689,68 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

6(1625).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA GERONA, FASE 1. EXPTE. 2675/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.12.14, dáse conta do informe-proposta do 26.12.14, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 26 de decembro de 2014, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

5.- Propostas de adxudicación.

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gerona, fase 1 (expediente 2675-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras de humanización da rúa Gerona, fase 1 (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do día 18 de decembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gerona, fase 1 (expediente 2675-440), no seguinte orde decrecente:

1	CIVISGLOBAL, S.L.	89,43
2	ORESA, S.L.	86,92
3	CANALIZACIONES DE TELECOMUNICACIONES Y SANEAMIENTOS, S.L.	85,90
4	UNIKA, PROYECTOS Y OBRAS SAU	84,97
5	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L.	84,89
6	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	84,33
7	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	82,13
8	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L.	81,91
9	DESMACO, S.L.	81,83
10	STRADIA INFRAESTRUCTURAS, A.L.	77,98
11	UTE ACEVI – MOTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	76,76
12	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	75,48
13	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.U.	74,14
14	CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	73,80
15	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA, S.L.	71,12
16	ORECO, S.A.	70,28
17	EXTRACO, S.A.	68,23
18	EMERGIS CONSTRUCCIÓN S.L.	60,87
19	HORDESCON, S.L.	50,66

Segundo.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.*
- *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.*
- *Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FEC.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 657,22 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 19 de decembro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 23 de decembro de 2014, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 26 de decembro de 2014, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CIVISGLOBAL, S.L., á vista dos informes do xefe de Area de Fomento de datas 16-12-2014 e 25-12-2014. Estes informes poderán consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á CIVISGLOBAL, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gerona, fase 1 (expediente 2675-440), por un prezo de 246.575,01 euros (IVE engadido) e coas seguintes prestacións adicionais:

- *Incrementa o prazo de garantía en 100 meses.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1626).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA GREGORIO ESPINO. FASE 1. EXPTE. 2676/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.12.14, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 26 de decembro de 2014 as 13.30, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

5.- Propostas de adxudicación.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino fase 1 (expediente 2676-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSPP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSPP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras de humanización da rúa Gregorio Espino, fase 1 (PCAP).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do día 18 de decembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino fase 1 (expediente 2676-440)” (expediente 2591-440), no seguinte orde decrecente:

1	ORESA, S.L.	95,36
2	PETROLAM A VEIGA, S.L.	91,64
3	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	91,49
4	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.U.	86,85
5	UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU.	85,77
6	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	84,79
7	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L.	83,30
8	CANALIZACIONES DE TELECOMUNICACIONES Y SANEAMIENTOS, S.L.	82,82
9	DESMACO, S.L.	82,67
10	ORECO, S.A.	81,62
11	CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	80,67
12	SERGONSA SERVICIOS S.L.	80,45
13	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L.	80,35
14	STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	78,63
15	PRACE OBRAS Y SERVICIOS, S.A.	74,27
16	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU	68,89
17	UTE ACEVI – MOTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	68,86
18	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA, S.L.	62,23
19	EMERGIS CONSTRUCCIÓN, S.L.	56,65
20	HORDESCON, S.L.	54,09
21	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	52,43

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.

- *Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FEC.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 668,04 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 19 de decembro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 26 de decembro de 2014, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 26 de decembro de 2014, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORESA, S.L., á vista dos informes do xefe de Area de Fomento de datas 16-12-2014 e 17-12-2014. Estes informes poderán consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á ORESA, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino, fase 1 (expediente 2676-440), por un prezo de 271.200 euros (IVE engadido) e coas seguintes prestacións adicionais:

- *Incrementa o prazo de garantía en 96 meses.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1627).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ABOAMENTO A CONTA DE MATERIAIS ACOPIADOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DUN NOVO CAMPO DE FÚTBOL 11 NA ETEA-LOTE 2. EXPTE. 13747/333.

Visto o informe de fiscalización do 23.12.14, dáse conta do informe-proposta do directo deportivo do IMD e xefe da Unidade Técnica, do 22.12.14, conformado polo secretario de Administración municipal e o concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 30 de maio de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do proxecto básico e de execución redactado pola empresa NAOS 04 ARQUITECTOS, SLP, para a execución das obras de "CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CAMPO DE FÚTBOL 11 NA ETEA, redactado polos arquitectos Santiago González García, Mónica Fernández Garrido, Paula Costoya Carro e Miguel Porras Gestido, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS TRINTA E SEIS MIL NOVECENTOS OITENTA EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (436.980,85 €) , e que se contén no expediente 13110-333.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 18 de xullo de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación para a execución das obras do proxecto básico e de execución de xecución das obras de "CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CAMPO DE FÚTBOL 11 NA ETEA"-lote 2 (expte 13166-333), expediente que se tramita como investimento derivado da aplicación do superávit sec-95 da liquidación do ano 2012.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 7 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de "CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CAMPO DE FÚTBOL 11 NA ETEA"-lote 2, a favor da UTE PRACE, S.A.-CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU, por un prezo total de 362.694,10 euros (IVE incluído)

Con data 13 de novembro o Concello de Vigo, asina o contrato coa UTE PRACE, S.A.-CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU, para a execución das obras de "CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CAMPO DE FÚTBOL 11 NA ETEA", a favor da UTE PRACE, S.A.-CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU, por un prezo total de 362.694,10 euros (IVE incluído)

Con data 9/12/2014 se asina a acta de comprobación do replanteo, co cal se da inicio a execución da obra.

Con data 24/11/2014, a Xunta de Goberno Local acorda nomear como Director Facultativo da obra a: D. Miguel Porras Gestido, D.N.I. 36.106.078-B, Arquitecto Colexiado Nº 2543 de Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

Con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello 18/12/2014 a mercantil UTE PRACE, S.A.-CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU, contratista da execución das obras do proxecto de "CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CAMPO DE FÚTBOL 11 NA ETEA"-lote 2 (expte

13166-333), solicita se lle autorice a percibir a conta o 75% do valor dos materiais acopiados necesarios para executalas, por importe de 97.310,33 € (I.V.E incluído).

En relación coa dita solicitude infórmase o seguinte:

O artigo 232 da Lei 3/2011, de 14 de novembro que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, TRLCSP), no seu apartado 2, sinala que o contratista terá dereito a percibir abonos a conta sobre o seu importe polas operacións preparatorias realizadas, como instalacións e acopio de materiais ou equipos de maquinaria pesada adscritos á obra, nas condicións que se sinalen nos respectivos pregos de cláusulas administrativas particulares e conforme ao réxime e os límites que con carácter xeral determínense reglamentariamente, debendo asegurar os referidos pagos mediante a prestación de garantía.

A estes efectos, o prego de cláusulas administrativas particulares que rexeron esta contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 18/07/2014 na súa cláusula 30 establece o RÉXIME DE PAGOS.

O artigo 155 Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que aprobou o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (no sucesivo, RXCAP), establece no seu apartado 1 que "O contratista terá dereito a percibir abonos a conta ata o 75% do valor dos materiais acopiados necesarios para a obra previa autorización do órgano de contratación que terá por único obxecto controlar que se trata dos devanditos materiais e que se cumpren os seguintes requisitos:

- a) Que exista petición expresa do contratista, acompañando documentación justificativa da propiedade ou posesión dos materiais.
- b) Que fosen recibidos como útiles e almacenados na obra ou lugares autorizados para iso.
- c) Que non exista perigo de que os materiais recibidos sufran deterioración ou desaparezan.
- d) Que o contratista preste a súa conformidade ao plan de devolución das cantidades anticipadas para deducilo do importe total das unidades de obra nos que queden incluídos os materiais redactado pola dirección de obra.

No seu apartado 2, que as partidas correspondentes á materiais acopiados poderán incluírse na relación mensual ou noutra independente.

No seu apartado 3, que a efectos do cálculo do valor unitario do material tomarase o resultado de aplicar o coeficiente de adjudicación ao valor do custo inicial fixado no correspondente proxecto, incrementado, no seu caso, nas porcentaxes de beneficio industrial e gastos xerais.

Se a unidade de obra donde se atopa o material obxecto do abono, non tivera a regulamentaria descomposición de prezos e non figurara no proxecto o custo inicial, fixarase pola dirección de obra, non podendo sobrepasar o 50% do prezo da mesma.

E por último, no seu apartado 5, que soamente procederá o abono da valoración resultante do apartado 3 cando exista crédito suficiente con cargo á anualidade correspondente no exercicio económico vixente. No caso de que non se puidera cubrir a totalidade do abono a conta reflectido na relación valorada, procederase ao abono que corresponda ao crédito dispoñible da anualidade do exercicio económico de que se trate.

Tamén no que a este expediente interesa, indicar que de conformidade co previsto no artigo 157 seguinte, as garantías que deben constituírse por esixencia do artigo 232 do TRLCSP, para asegurar o importe total dos pagos a conta por acopios de materiais, rexeranse polo disposto para garantías na normativa vixente e o contratista terá dereito a súa cancelación total ou parcial a medida que vaian tendo lugar as deducións para o reintegro dos abonos a conta percibidos.

En conclusión e cumprindo os anteriores requisitos legais, o contratista ten dereito a que se lle abone a conta o valor do material acopiado, coas limitacións previstas na Lei.

Neste caso concreto o contratista achega a súa solicitude a seguinte documentación:

- a) Relación valorada dos materiais acopiados, resultado de aplicar o coeficiente de adxudicación (88,08%) ao valor do custo inicial fixado no proxecto, incrementado nas porcentaxes de beneficio industrial (13%) e de gastos xerais (6%), conformado pola dirección da obra.*
- b) Certificación da dirección da obra acreditativa das partidas a que corresponden os materiais acopiados.*
- c) Plan de devolución das cantidades anticipadas para deducilo do importe total das unidades de obra nas que quedan incluídos os materiais asinado pola dirección da obra co conforme do propio contratista.*
- d) Facturas xustificativas da propiedade e posesión dos materiais.*
- e) Declaración responsable de que os materiais foron recibidos como útiles e almacenados na obra e lugares autorizados e de que non existe perigo de que sufran danos ou desaparezan, conformada pola dirección da obra.*
- f) Compromiso de presentación de garantía polo importe total da certificación, constituída de conformidade co previsto no Título IV do TRLCSP e nas cláusulas 22 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexiu a contratación, e que só poderá cancela a medida que vaian tendo lugar as deducións para o reintegro do importe dos abonos a conta percibidos.*

Por isto a solicitude cumpre os requisitos legais antes indicados, polo que procede que o contratista reciba o importe do abono a conta por materiais acopiados que solicita.

Por outra banda, a partida seguinte:

93306220013 14933013 CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CAMPO DE FÚTBOL 11 NAS
INSTALACIÓNS DA ETEA.

do vixente orzamento de gastos dispón de crédito suficiente para o abono do importe solicitado.

Previamente a someter o asunto á consideración da Xunta de Goberno Local, órgano de contratación de conformidade co disposto na disposición adicional segunda do TRLCSP, deberá emitir informe de fiscalización a Intervención Xeral.

Por isto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Autorizar ao director das obras do proxecto de "CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CAMPO DE FÚTBOL 11 NA ETEA"-lote 2, a expedir certificación a favor da mercantil UTE PRACE, S.A.-CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU. por importe de 97.310,33 € IVE incluído, (correspondente ao 75% do valor dos materiais acopiados para executala), con cargo á partida 93306320013 do vixente orzamento de gastos municipal.

2º.- Previamente á aprobación da certificación e da correspondente factura, o contratista deberá constituír garantía e depositala na Tesourería Municipal polo importe total da certificación, en calquera das formas que autoriza o TRLCSP e conforme ao disposto nas cláusulas 22 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexiu a contratación, tendo como prazo máximo o día 29 de decembro de 2014.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1628).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ABOAMENTO A CONTA DE MATERIAIS ACOPIADOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DUN CAMPO DE FÚTBOL NAS TRAVESAS-LOTE 1. EXPTE. 13752/333.

Visto o informe de fiscalización do 23.12.14, dáse conta do informe-proposta do directo deportivo do IMD e xefe da Unidade Técnica, do 23.12.14, conformado polo secretario de Administración municipal e o concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 30 de maio de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do proxecto básico e de execución redactado pola empresa NAOS 04 ARQUITECTOS, SLP, para a execución das obras de "REFORMA DUN CAMPO DE FÚTBOL NAS TRAVESAS", redactado polos arquitectos Santiago González García, Mónica Fernández Garrido, Paula Costoya Carro e Miguel Porras Gestido, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO OITENTA E CINCO MIL EUROS (185.000 €) , e que se contén no expediente 13083-333.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 18 de xullo de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación para a execución das obras do proxecto básico e de execución de execución das obras de "REFORMA DUN CAMPO DE FÚTBOL NAS TRAVESAS"-lote 1 (expte 13166-333), expediente que se tramita como investimento derivado da aplicación do superávit sec-95 da liquidación do ano 2012.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 7 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de "REFORMA DUN CAMPO DE FÚTBOL NAS TRAVESAS"-lote 1, a favor da C.D. INDEPO, S.L., por un prezo total de 159.100,48 euros (IVE incluído).

Con data 13 de novembro o Concello de Vigo, asina o contrato coa mercantil C.D. INDEPO, S.L., para a execución das obras de "REFORMA DUN CAMPO DE FÚTBOL NAS TRAVESAS", a favor da C.D. INDEPO, S.L., por un prezo total de 159.100,48 euros (IVE incluído)

Con data 9/12/2014 se asina a acta de comprobación do replanteo, co cal se da inicio a execución da obra.

Con data 24/11/2014, a Xunta de Goberno Local acorda nomear como Director Facultativo da obra a: D. Miguel Porras Gestido, D.N.I. 36.106.078-B, Arquitecto Colexiado Nº 2543 de Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

Con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello 19/12/2014 a mercantil C.D. INDEPO, S.L., contratista da execución das obras do proxecto de "REFORMA DUN CAMPO DE FÚTBOL NAS TRAVESAS"-LOTE 1 EXPTE 13166-333, solicita se lle autorice a percibir a conta o 75% do valor dos materiais acopiados necesarios para executalas, por importe de 99.672,22 € (I.V.E incluído).

En relación coa dita solicitude infórmase o seguinte:

O artigo 232 da Lei 3/2011, de 14 de novembro que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, TRLCSP), no seu apartado 2, sinala que o contratista terá dereito a percibir abonos a conta sobre o seu importe polas operacións preparatorias realizadas, como instalacións e acopio de materiais ou equipos de maquinaria pesada adscritos á obra, nas condicións que se sinalen nos respectivos pregos de cláusulas administrativas

particulares e conforme ao réxime e os límites que con carácter xeral determínense reglamentariamente, debendo asegurarse os referidos pagos mediante a prestación de garantía.

A estes efectos, o prego de cláusulas administrativas particulares que rexeron esta contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 18/07/2014 na súa cláusula 30 establece o RÉXIME DE PAGOS.

O artigo 155 Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que aprobou o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (no sucesivo, RXCAP), establece no seu apartado 1 que "O contratista terá dereito a percibir abonos a conta ata o 75% do valor dos materiais acopiados necesarios para a obra previa autorización do órgano de contratación que terá por único obxecto controlar que se trata dos devanditos materiais e que se cumpren os seguintes requisitos:

- a) Que exista petición expresa do contratista, acompañando documentación justificativa da propiedade ou posesión dos materiais.*
- b) Que fosen recibidos como útiles e almacenados na obra ou lugares autorizados para iso.*
- c) Que non exista perigo de que os materiais recibidos sufran deterioración ou desaparezan.*
- d) Que o contratista preste a súa conformidade ao plan de devolución das cantidades anticipadas para deducilo do importe total das unidades de obra nos que queden incluídos os materiais redactado pola dirección de obra.*

No seu apartado 2, que as partidas correspondentes á materiais acopiados poderán incluírse na relación mensual ou noutra independente.

No seu apartado 3, que a efectos do cálculo do valor unitario do material tomarase o resultado de aplicar o coeficiente de adxudicación ao valor do custo inicial fixado no correspondente proxecto, incrementado, no seu caso, nas porcentaxes de beneficio industrial e gastos xerais.

Se a unidade de obra donde se atopa o material obxecto do abono, non tivera a regulamentaria descomposición de prezos e non figurara no proxecto o custo inicial, fixarase pola dirección de obra, non podendo sobrepassar o 50% do prezo da mesma.

E por último, no seu apartado 5, que soamente procederá o abono da valoración resultante do apartado 3 cando exista crédito suficiente con cargo á anualidade correspondente no exercicio económico vixente. No caso de que non se puidera cubrir a totalidade do abono a conta reflectido na relación valorada, procederase ao abono que corresponda ao crédito dispoñible da anualidade do exercicio económico de que se trate.

Tamén no que a este expediente interesa, indicar que de conformidade co previsto no artigo 157 seguinte, as garantías que deben constituírse por esixencia do artigo 232 do TRLCSP, para asegurar o importe total dos pagos a conta por acopios de materiais, rexeranse polo disposto para garantías na normativa vixente e o contratista terá dereito a súa cancelación total ou parcial a medida que vaian tendo lugar as deducións para o reintegro dos abonos a conta percibidos.

En conclusión e cumprindo os anteriores requisitos legais, o contratista ten dereito a que se lle abone a conta o valor do material acopiado, coas limitacións previstas na Lei.

Neste caso concreto o contratista achega a súa solicitude a seguinte documentación:

- a) Relación valorada dos materiais acopiados, resultado de aplicar o coeficiente de adxudicación (84,82%) ao valor do custo inicial fixado no proxecto, incrementado nas porcentaxes de beneficio industrial (13%) e de gastos xerais (6%), conformado pola dirección da obra.*
- b) Certificación da dirección da obra acreditativa das partidas a que corresponden os materiais acopiados.*

c) Plan de devolución das cantidades anticipadas para deducilo do importe total das unidades de obra nas que quedan incluídos os materiais asinado pola dirección da obra co conforme do propio contratista.

d) Facturas xustificativas da propiedade e posesión dos materiais.

e) Declaración responsable de que os materiais foron recibidos como útiles e almacenados na obra e lugares autorizados e de que non existe perigo de que sufran danos ou desaparezan, conformada pola dirección da obra.

f) Compromiso de presentación de garantía polo importe total da certificación, constituída de conformidade co previsto no Título IV do TRLCSP e nas cláusulas 22 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexiu a contratación, e que só poderá cancela a medida que vaian tendo lugar as deducións para o reintegro do importe dos abonos a conta percibidos.

Por isto a solicitude cumpre os requisitos legais antes indicados, polo que procede que o contratista reciba o importe do abono a conta por materiais acopiados que solicita.

Por outra banda, a partida seguinte:

93306320012 14933012 REPOSICIÓN E MELLORA DO TERREO DE XOGO DE HERBA ARTIFICIAL E O SISTEMA DE REGO PARA O CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE AS TRAVESAS.

do vixente orzamento de gastos dispón de crédito suficiente para o abono do importe solicitado.

Previamente a someter o asunto á consideración da Xunta de Goberno Local, órgano de contratación de conformidade co disposto na disposición adicional segunda do TRLCSP, deberá emitir informe de fiscalización a Intervención Xeral.

Por isto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Autorizar ao director das obras do proxecto de "REFORMA DUN CAMPO DE FÚTBOL NAS TRAVESAS"-LOTE 1 EXPTE 13166-333 a expedir certificación a favor da mercantil C.D. INDEPO, S.L. por importe de 99.672,22 € IVE incluído, (correspondente ao 75% do valor dos materiais acopiados para executala), con cargo á partida 93306320012 do vixente orzamento de gastos municipal.

2º.- Previamente á aprobación da certificación e da correspondente factura, o contratista deberá constituír garantía e depositala na Tesourería Municipal polo importe total da certificación, en calquera das formas que autoriza o TRLCSP e conforme ao disposto nas cláusulas 22 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexiu a contratación, tendo como prazo máximo o día 29 de decembro de 2014

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1629).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ABOAMENTO A CONTA DE MATERIAIS ACOPIADOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DUN CAMPO DE FÚTBOL DE SAMIL-LOTE 3. EXPTE. 13753/333.

Visto o informe de fiscalización do 26.12.14, dáse conta do informe-proposta do directo deportivo do IMD e xefe da Unidade Técnica, do 26.12.14, conformado polo secretario de Administración municipal e o concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 30 de maio de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do proxecto básico e de execución redactado pola empresa NAOS 04 ARQUITECTOS, SLP, para a execución das obras de "REFORMA DUN CAMPO DE FÚTBOL EN SAMIL", redactado polos arquitectos Santiago González García, Mónica Fernández Garrido, Paula Costoya Carro e Miguel Porras Gestido, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO OITENTA E CINCO MIL EUROS (235.000 €), e que se contén no expediente 13084-333.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 18 de xullo de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación para a execución das obras do proxecto básico e de execución de xecución das obras de "REFORMA DUN CAMPO DE FÚTBOL EN SAMIL"-lote 3 (expte 13166-333), expediente que se tramita como investimento derivado da aplicación do superávit sec-95 da liquidación do ano 2012.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 7 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de "REFORMA DUN CAMPO DE FÚTBOL EN SAMIL"-lote 3, a favor da MONDO IBÉRICA, S.A., por un prezo total de 183.300 euros (IVE incluído).

Con data 13 de novembro o Concello de Vigo, asina o contrato coa mercantil MONDO IBÉRICA, S.A, para a execución das obras de "REFORMA DUN CAMPO DE FÚTBOL EN SAMIL", a favor da mercantil MONDO IBÉRICA, S.A., por un prezo total de 183.300 euros (IVE incluído)

Con data 9/12/2014 se asina a acta de comprobación do replanteo, co cal se da inicio a execución da obra.

Con data 24/11/2014, a Xunta de Goberno Local acorda nomear como Director Facultativo da obra a: D. Miguel Porras Gestido, D.N.I. 36.106.078-B, Arquitecto Colexiado Nº 2543 de Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

Con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello 22/12/2014 a mercantil MONDO IBÉRICA, S.A., contratista da execución das obras do proxecto de "REFORMA DUN CAMPO DE FÚTBOL EN SAMIL"-LOTE 3 EXPTE 13166-333, solicita se lle autorice a percibir a conta o 75% do valor dos materiais acopiados necesarios para executalas, por importe de 102.040,14 € (I.V.E incluído).

En relación coa dita solicitude infórmase o seguinte:

O artigo 232 da Lei 3/2011, de 14 de novembro que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, TRLCSP), no seu apartado 2, sinala que o contratista terá dereito a percibir abonos a conta sobre o seu importe polas operacións preparatorias realizadas, como instalacións e acopio de materiais ou equipos de maquinaria pesada adscritos á obra, nas condicións que se sinalen nos respectivos pregos de cláusulas administrativas particulares e conforme ao réxime e os límites que con carácter xeral determínense reglamentariamente, debendo asegurar os referidos pagos mediante a prestación de garantía.

A estes efectos, o prego de cláusulas administrativas particulares que rexeron esta contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 18/07/2014 na súa cláusula 30 establece o RÉXIME DE PAGOS.

O artigo 155 Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que aprobou o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (no sucesivo, RXCAP), establece no seu apartado 1 que "O contratista terá dereito a percibir abonos a conta ata o 75% do valor dos

materiais acopiados necesarios para a obra previa autorización do órgano de contratación que terá por único obxecto controlar que se trata dos devanditos materiais e que se cumpren os seguintes requisitos:

- a) Que exista petición expresa do contratista, acompañando documentación justificativa da propiedade ou posesión dos materiais.
- b) Que fosen recibidos como útiles e almacenados na obra ou lugares autorizados para iso.
- c) Que non exista perigo de que os materiais recibidos sufran deterioración ou desaparezan.
- d) Que o contratista preste a súa conformidade ao plan de devolución das cantidades anticipadas para deducilo do importe total das unidades de obra nos que queden incluídos os materiais redactado pola dirección de obra.

No seu apartado 2, que as partidas correspondentes á materiais acopiados poderán incluírse na relación mensual ou noutra independente.

No seu apartado 3, que a efectos do cálculo do valor unitario do material tomarase o resultado de aplicar o coeficiente de adxudicación ao valor do custo inicial fixado no correspondente proxecto, incrementado, no seu caso, nas porcentaxes de beneficio industrial e gastos xerais.

Se a unidade de obra donde se atopa o material obxecto do abono, non tivera a regulamentaria descomposición de prezos e non figurara no proxecto o custo inicial, fixarase pola dirección de obra, non podendo sobrepasar o 50% do prezo da mesma.

E por último, no seu apartado 5, que soamente procederá o abono da valoración resultante do apartado 3 cando exista crédito suficiente con cargo á anualidade correspondente no exercicio económico vixente. No caso de que non se puidera cubrir a totalidade do abono a conta reflectido na relación valorada, procederase ao abono que corresponda ao crédito dispoñible da anualidade do exercicio económico de que se trate.

Tamén no que a este expediente interesa, indicar que de conformidade co previsto no artigo 157 seguinte, as garantías que deben constituírse por esixencia do artigo 232 do TRLCSP, para asegurar o importe total dos pagos a conta por acopios de materiais, rexeranse polo disposto para garantías na normativa vixente e o contratista terá dereito a súa cancelación total ou parcial a medida que vaian tendo lugar as deduccions para o reintegro dos abonos a conta percibidos.

En conclusión e cumprindo os anteriores requisitos legais, o contratista ten dereito a que se lle abone a conta o valor do material acopiado, coas limitacións previstas na Lei.

Neste caso concreto o contratista achega a súa solicitude a seguinte documentación:

- a) Relación valorada dos materiais acopiados, resultado de aplicar o coeficiente de adxudicación (82,49%) ao valor do custo inicial fixado no proxecto, incrementado nas porcentaxes de beneficio industrial (13%) e de gastos xerais (6%), conformado pola dirección da obra.
- b) Certificación da dirección da obra acreditativa das partidas a que corresponden os materiais acopiados.
- c) Plan de devolución das cantidades anticipadas para deducilo do importe total das unidades de obra nas que quedan incluídos os materiais asinado pola dirección da obra co conforme do propio contratista.
- d) Facturas xustificativas da propiedade e posesión dos materiais.
- e) Declaración responsable de que os materiais foron recibidos como útiles e almacenados na obra e lugares autorizados e de que non existe perigo de que sufran danos ou desaparezan, conformada pola dirección da obra.
- f) Compromiso de presentación de garantía polo importe total da certificación, constituída de conformidade co previsto no Título IV do TRLCSP e nas cláusulas 22 do prego de cláusulas

administrativas particulares que rexiu a contratación, e que só poderá cancela a medida que vaian tendo lugar as deducións para o reintegro do importe dos abonos a conta percibidos.

Por isto a solicitude cumpre os requisitos legais antes indicados, polo que procede que o contratista reciba o importe do abono a conta por materiais acopiados que solicita.

Por outra banda, a partida seguinte:

93306320011 14933011 REPOSICIÓN E MELLORA DO TERREO DE XOGO DE HERBA ARTIFICIAL E O SISTEMA DE REGO PARA O CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE SAMIL.

do vixente orzamento de gastos dispón de crédito suficiente para o abono do importe solicitado.

Previamente a someter o asunto á consideración da Xunta de Goberno Local, órgano de contratación de conformidade co disposto na disposición adicional segunda do TRLCSP, deberá emitir informe de fiscalización a Intervención Xeral.

Por isto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Autorizar ao director das obras do proxecto de "REFORMA DUN CAMPO DE FÚTBOL EN SAMIL"-LOTE 3 EXPTE 13166-333 a expedir certificación a favor da mercantil MONDO IBÉRICA, S.A., por importe de 102.040,14 € IVE incluído, (correspondente ao 75% do valor dos materiais acopiados para executala), con cargo á partida 93306320011 do vixente orzamento de gastos municipal.

2º.- Previamente á aprobación da certificación e da correspondente factura, o contratista deberá constituír garantía e depositala na Tesourería Municipal polo importe total da certificación, en calquera das formas que autoriza o TRLCSP e conforme ao disposto nas cláusulas 22 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexiu a contratación, tendo como prazo máximo o día 29 de decembro de 2014.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1630).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A IMPLANTACIÓN, XESTIÓN E FUNCIONAMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA TRADICIONAL E FOLK. EXPTE. 9317/332.

Visto o informe de fiscalización do 23.12.14, e o informe xurídico do 26.12.14, dáse conta do informe-proposta do técnico superior de Educación do 18.12.14, conformado polo concelleiro delegado de Educación e pola concelleira delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes

O 01/10/2008 a Xunta de Goberno Local adxudica a Galega de recursos educativos avanzados (GREDA) SL o procedemento aberto de asistencia técnica para a implantación, xestión e funcionamento da Escola municipal de música tradicional e folk (E-Trad) do Concello de Vigo (expte 9317-332) por un prezo total de 928.128 euros (221.532,00 euros/ano). No PCAP fíxase unha duración do contrato de catro anos e se establece a posibilidade de prorrogar o mesmo por

un máximo de dous anos. O 13/07/2012 a XGL aproba a primeira prórroga (01/10/2012-30/09/2013) e o 02/08/2013 aproba a segunda (01/10/2013-30/09/2014).

O 30/12/2010 a XGL aproba a primeira revisión de prezos do contrato, polo periodo 09/2008-09/2009 para aplicar no periodo 10/2009-09/2010, polo importe de 219.648,98 euros/ano.

O 30/12/2010 a XGL tamén aproba a segunda revisión de prezos do contrato, polo periodo 09/2009-09/2010 para aplicar no periodo 10/2010-09/2011, polo importe de 223.558,72 euros/ano.

Greda SL, mediante escrito de data 22/12/2011 renuncia a actualización-revisión de prezos pola variación dos índices correspondentes ao ano 2011, así como ás posteriores ás que poidera ter dereito en caso de prórroga do contrato.

O 26/06/2013 a oficina municipal de Contratación comunica ao servizo de Educación que a seguinte revisión de prezos, como sempre solicitada polo servizo xestor ao departamento municipal de Contratación, deberá ser a partir desta data realizada polo propio servizo, devolvendo o correspondente expediente.

Durante este periodo de tempo, seguindo instrucións dos diferentes concelleiros/as delegados da área de Educación, posponse a tramitación dos expedientes de revisión de prezos correspondentes.

Tras estas consideracións, que dan conta da complexidade que concorre neste expediente, e tras as conversas mantidas coa Intervención municipal, infórmase do seguinte:

A terceira revisión de prezos, polo periodo 09/2010-09/2011, para aplicar no periodo 10/2011-09/2012, recollerá a variación do 85% do IPC do periodo 09/2010-09/2011 (segundo INE, IPC periodo 3,1%; 85%=2,64%), que aplicado ao prezo do contrato ascende a 229.460,67 euros/ano (IPC: 5.901,95).

A cuarta revisión de prezos, polo periodo 09/2011-09/2012, para aplicar no periodo 10/2012-09/2013, recollerá a variación do 85% do IPC do periodo 09/2011-09/2012 (segundo INE, IPC periodo 3,4%; 85%=2,89%), que aplicado ao prezo do contrato ascende a 236.092,08 euros/ano (IPC: 6.631,41€/ano).

A quinta revisión de prezos, polo periodo 09/2012-09/2013, para aplicar no periodo 10/2013-09/2014, recollerá a variación do 85% do IPC do periodo 09/2012-09/2013 (segundo INE, IPC periodo 0,3%; 85%=0,26%), que aplicado ao prezo do contrato ascende a 236.705,91 euros/ano (IPC: 613,84€/ano).

Á vista das anteriores consideracións, proponse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar a terceira revisión de prezos do contrato da xestión da escola municipal de música folk e tradicional (E-TRAD) polo periodo de revisión 09/2010-09/2011, para aplicar no periodo de facturación 10/2011-09/2012, quedando o importe do contrato para ese periodo en 229.460,67€/ano.

2º.- Aprobar a cuarta revisión de prezos do contrato da xestión da E-TRAD polo periodo de revisión 09/2011-09/2012, para aplicar no periodo de facturación 10/2012-09/2013, quedando o importe do contrato para ese periodo en 236.092,08€/ano.

3º.- Aprobar a quinta revisión de prezos do contrato da xestión da E-TRAD polo periodo de revisión 09/2012-09/2013, para aplicar no periodo de facturación 10/2013-09/2014, quedando o importe do contrato para ese periodo en 236.705,91€/ano.

4º.- Aceptar a renuncia expresa do adxudicatario a percibir as cantidades resultantes da terceira, cuarta e quinta revisión, no periodo 10/2011-09/2014.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1631).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DA XESTIÓN E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO. EXPTE. 9958/332.

Visto o informe de fiscalización do 23.12.14, e o informe xurídico do 26.12.14, dáse conta do informe-proposta do técnico superior de Educación do 18.12.14, conformado polo concelleiro delegado de Educación e pola concelleira delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes

O 09/11/2009 a Xunta de Goberno Local adxudica a Imaxinería SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da Escola municipal de Teatro (expte 9958-332) polo importe de 87.124,88 euros/ano, distribuídos en 11 meses. No PCAP fíxase unha duración do contrato de dous anos e se establece a posibilidade de prorrogar o mesmo por un máximo de dous anos. O 07/10/2011 a XGL aproba a primeira prórroga (09/11/2011-08/11/2012) e o 13/07/2012 a segunda (09/11/2012-08/11/2013).

Imaxinería SL, mediante escrito de data 05/09/2011 renuncia a percibir, durante o ano 2012 (facturas desde o 09/11/2011-08/11/2012), as cantidades que resulten da correspondente revisión de prezos.

O 09/05/2011 a XGL aproba a primeira revisión de prezos do contrato, polo periodo 10/2009-10/2010 para aplicar no periodo 09/11/2010-08/11/2011, polo importe de 88.832,53 euros/ano (8.075,69 euros/mes).

O 26/06/2013 a oficina municipal de Contratación comunica ao servizo de Educación que a seguinte revisión de prezos, como sempre solicitada polo servizo xestor ao departamento municipal de Contratación, deberá ser a partir desta data realizada polo propio servizo, devolvendo o correspondente expediente.

Durante este periodo de tempo, seguindo instrucións dos diferentes concelleiros/as delegados da área de Educación, posponse a tramitación dos expedientes de revisión de prezos correspondentes.

Tras estas consideracións, que dan conta da complexidade que concorre neste expediente, e tras as conversas mantidas coa Intervención municipal, infórmase do seguinte:

A segunda revisión de prezo, polo periodo 10/2010-10/2011, para aplicar no periodo 09/11/2011-08/11/2012, recollerá a variación do 85% do IPC do periodo 10/2010-10/2011 (segundo INE, IPC periodo 3%; 85%=2,55%), que aplicado ao prezo do contrato ascende a 91.097,76 euros/ano (IPC: 2.265,23 €/ano).

A terceira revisión de prezos, polo periodo 10/2011-10/2012, para aplicar no periodo 09/11/2012-08/11/2013, recollerá a variación do 85% do IPC do periodo 10/2011-10/2012 (segundo INE, IPC periodo 3,5%; 85%=2,98%), que aplicado ao prezo do contrato ascende a 93.812,47 euros/ano (IPC: 2.714,71 €/ano).

En consecuencia do anteriormente exposto, existen atrasos a favor da empresa adxudicataria nos seguintes importes:

EMT (Expte 9958/332)

Periodo	09/11/2011-08/11/2012	09/11/2012-08/11/2013
2ª revisión	Renuncia	2.265,23
3ª revisión		2.714,71
Total		4.979,94

Para poder afrontar o gasto indicado e conforme ás instrucións da concelleira de Educación, detraeráse esta obriga económica da partida 3210.227 99 05 (Escola infantil de Navia) e bolsa de vinculación xa que, debido ao retraso na execución das obras, non está previsto o inicio da actividade da citada escola infantil no que resta de ano, polo que non afectará ao normal desenvolvemento do Servizo.

Á vista das anteriores consideracións, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar a segunda revisión de prezos do contrato da xestión da escola municipal de teatro (EMT) polo periodo de revisión 10/2010-10/2011, para aplicar no periodo de facturación 09/11/2011-08/11/2012, quedando o importe do contrato para ese periodo en 91.097,76€/ano.

2º.- Aceptar a renuncia expresa do adxudicatario a percibir a cantidade resultante da segunda revisión no periodo 09/11/2011-08/11/2012.

3º.- Aprobar a terceira revisión de prezos do contrato da xestión da EMT polo periodo de revisión 10/2011-10/2012, para aplicar no periodo de facturación 09/11/2012-08/11/2013, quedando o importe do contrato para ese periodo en 93.812,47€/ano.

4º.- Recoñecer en concepto de atrasos, pola segunda e terceira revisión de prezos, polo periodo comprendido entre o 09/11/2011 e o 08/11/2013 os seguintes importes:

Periodo	09/11/2011-08/11/2012	09/11/2012-08/11/2013
2ª revisión	Renuncia	2.265,23
3ª revisión		2.714,71
Total		4.979,94

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1632).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DA XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS ATALAIÁ-TEIS, COSTEIRA-SAIÁNS E STA. CRISTINA DE LAVADORES. EXPTE. 10715/332.

Visto o informe de fiscalización do 23.12.14, e o informe xurídico do 26.12.14, dáse conta do informe-proposta do técnico superior de Educación do 16.12.14, conformado polo concelleiro delegado de Educación e pola concelleira delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes

O 09/09/2009 a Xunta de Goberno Local adxudica a Colegio Los Milagros SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión das Escolas infantís municipais Atalaia-Teis, Costeira-Saiáns e Santa Cristina-Lavadores (expte 10715-332), polos seguintes importes anuais:

Lote	Escola	Importe
I	Xestión EIM Atalaia-Teis	201.785,16 €/ano
II	Xestión EIM Costeira-Saiáns	199.867,85 €/ano
III	Xestión EIM Sta Cristina-Lavadores	210.059,35 €/ano

No PCAP fíxase unha duración do contrato de catro anos e se establece a posibilidade de prorrogar o mesmo por un máximo de dous anos. O 26/07/2013 a XGL aproba a primeira prórroga (periodo 10/09/2013 - 09/09/2014) e o 08/08/2014 aproba a segunda e última prórroga (periodo 10/09/2014 - 09/09/2015).

O 30/12/2010 a XGL aproba a primeira revisión de prezos do contrato, polo periodo 08/2009-08/2010 para aplicar no periodo 10/09/2010-09/09/2011, quedando o prezo anual do contrato como se indica no seguinte cadro:

Lote	Escola	Importe
I	Xestión EIM Atalaia-Teis	204.872,47 €/ano
II	Xestión EIM Costeira-Saiáns	202.925,82 €/ano
III	Xestión EIM Sta Cristina-Lavadores	213.273,26 €/ano

O 20/04/2012 a XGL aproba a segunda revisión de prezos do contrato, polo periodo 08/2010-08/2011 para aplicar no periodo 10/09/2011-09/09/2012, quedando o prezo anual do contrato como se indica no seguinte cadro:

Lote	Escola	Importe
I	Xestión EIM Atalaia-Teis	210.096,72 €/ano
II	Xestión EIM Costeira-Saiáns	208.100,42 €/ano
III	Xestión EIM Sta Cristina-Lavadores	218.711,73 €/ano

Colegio Los Milagros SL, mediante escritos de datas 29/10/2011 e 20/02/2012 renuncia a percibir, durante o ano 2012, as cantidades que resulten das correspondentes revisións de prezos: entre o 01/01/2012 e o 31/08/2012 a correspondente ao periodo 01/09/2011-31/08/2012; e entre o 01/09/2012 e o 31/12/2012 a correspondente ao periodo 01/09/2012-31/08/2013.

O 26/06/2013 a oficina municipal de Contratación comunica ao servizo de Educación que a seguinte revisión de prezos, como sempre solicitada polo servizo xestor ao departamento municipal de Contratación, deberá ser a partir desta data realizada polo propio servizo, devolvendo o correspondente expediente.

Durante este periodo de tempo, seguindo instrucións dos diferentes concelleiros/as delegados da área de Educación, posponse a tramitación dos expedientes de revisión de prezos correspondentes.

O 30/10/2014 e o 07/11/2014 remítense á Intervención xeral o expediente para regularización dos prezos deste contrato, sendo devolto nas dúas ocasións para reformular a proposta.

Tras estas consideracións, que dan conta da complexidade que concorre neste expediente, e tras as conversas mantidas coa Intervención municipal, infórmase do seguinte:

A terceira revisión de prezos, polo periodo 08/2011-08/2012, para aplicar no periodo 10/09/2012-09/09/2013, recollerá a variación do 85% do IPC do periodo 08/2011-08/2012 (segundo INE, IPC periodo 2,7%; 85%=2,30%), quedando o prezo anual do contrato como se indica no seguinte cadro:

Lote	Escola	Importe	lpc
I	Xestión EIM Atalaia-Teis	214.928,94 €/ano	4.832,22 €/ano
II	Xestión EIM Costeira-Saiáns	212.886,72 €/ano	4.786,31 €/ano
III	Xestión EIM Sta Cristina-Lavadores	223.742,21 €/ano	5.030,37 €/ano

A cuarta revisión de prezos, polo periodo 08/2012-08/2013, para aplicar no periodo 10/09/2013-09/09/2014, recollerá a variación do 85% do IPC do periodo 08/2012-08/2013 (segundo INE, IPC periodo 1,5%; 85%=1,28%), quedando o prezo anual do contrato como se indica no seguinte cadro:

Lote	Escola	Importe	lpc
I	Xestión EIM Atalaia-Teis	217.680,03 €/ano	2.751,09 €/ano
II	Xestión EIM Costeira-Saiáns	215.611,67 €/ano	2.724,95 €/ano
III	Xestión EIM Sta Cristina-Lavadores	226.606,11 €/ano	2.863,90 €/ano

En consecuencia do anteriormente exposto, existen atrasos a favor da empresa adjudicataria nos seguintes importes:

Atrasos da 3ª revisión de prezos

Lote/Escola	Periodo 10/09/12- 31/12/12	Periodo 01/01/13-09/09/13	Periodo 10/09/13- 09/09/14	Periodo 10/09/14-30/11/14
I / EIM Atalaia-Teis	Renuncia	3.342,30 Xan-ago: 3.221,52 (402,69€/mesx8) 01-09/09: 120,78 (13,42€/díax9)	4.832,22	1.087,20 10-30/09: 281,82 (13,42€/díax21) Out-nov: 805,38 (402,69€/mesx2)
II / EIM Costeira-Saiáns	Renuncia	3.310,49 Xan-ago: 3.190,88 (398,86€/mesx8) 01-09/09: 119,61 (13,29€/díax9)	4.786,31	1.076,81 10-30/09: 279,09 (13,29€/díax21) Out-nov: 797,72 (398,86€/mesx2)

III / EIM Sta Cristina-Lavadores	Renuncia	3.479,33 Xan-ago: 3.353,60 (419,20€/mesx8) 01-09/09: 125,73 (13,97€/díax9)	5.030,37	1.131,77 10-30/09: 293,37 (13,97€/díax21) Out-nov: 838,40 (419,20€/mesx2)
Subtotal		10.132,12	14.648,90	3.295,78

Atrasos da 4ª revisión de prezos

Lote/Escola	Periodo 10/09/13-09/09/14	Periodo 10/09/14-30/11/14
I / EIM Atalaia-Teis	2.751,09	618,96 10-30/09: 160,44 (7,64€/díax21) Out-nov: 458,52 (229,26€/mesx2)
II / EIM Costeira-Saiáns	2.724,95	613,13 10-30/09: 158,97 (7,57€/díax21) Out-nov: 454,16 (227,08€/mesx2)
III / EIM Sta Cristina-Lavadores	2.863,90	644,48 10-30/09: 167,16 (7,96€/díax21) Out-nov: 477,32 (238,66€/mesx2)
Subtotal		8.339,94

Para poder afrontar o gasto indicado e conforme ás instrucións da concelleira de Educación, detraeráse esta obriga económica da partida 3210.227 99 05 (Escola infantil de Navia) xa que, debido ao retraso na execución das obras, non está previsto o inicio da actividade da citada escola infantil no que resta de ano, polo que non afectará ao normal desenvolvemento do Servizo.

Á vista das anteriores consideracións, proponse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobado a terceira revisión de prezos do contrato da xestión das escolas infantís municipais Atalaia-Teis, Costeira-Saiáns e Sta Cristina-Lavadores polo periodo de revisión 08/2011-08/2012, para aplicar no periodo de facturación 10/09/2012-09/09/2013, quedando o prezo anual do contrato como se indica no seguinte cadro:

Lote	Escola	Importe	lpc
I	Xestión EIM Atalaia-Teis	214.928,94 €/ano	4.832,22 €/ano
II	Xestión EIM Costeira-Saiáns	212.886,72 €/ano	4.786,31 €/ano
III	Xestión EIM Sta Cristina-Lavadores	223.742,21 €/ano	5.030,37 €/ano

2º.- Aceptar a renuncia expresa do adxudicatario a percibir a cantidade resultante da terceira revisión no periodo 10/09/2012-31/12/2012.

3º.- Aprobar a cuarta revisión de prezos do contrato da xestión das escolas infantís municipais Atalaia-Teis, Costeira-Saiáns e Sta Cristina-Lavadores polo periodo de revisión 08/2012-08/2013, para aplicar no periodo de facturación 10/09/2013-09/09/2014, quedando o prezo anual do contrato como se indica no seguinte cadro:

Lote	Escola	Importe	lpc
I	Xestión EIM Atalaia-Teis	217.680,03 €/ano	2.751,09 €/ano
II	Xestión EIM Costeira-Saiáns	215.611,67 €/ano	2.724,95 €/ano
III	Xestión EIM Sta Cristina-Lavadores	226.606,11 €/ano	2.863,90 €/ano

4º.- Recoñecer en concepto de atrasos, pola terceira e cuarta revisión de prezos, polo periodo comprendido entre o 10/09/2012 e o 30/11/2014 os seguintes importes:

Escola		Periodo 10/09/12- 31/12/12	Periodo 01/01/13- 09/09/13	Periodo 10/09/13- 09/09/14	Periodo 10/09/14- 30/11/14
EIM Atalaia-Teis	3ª revisión	Renuncia	3.342,30	4.832,22	1.087,20
	4ª revisión			2.751,09	618,96
EIM Costeira-Saiáns	3ª revisión	Renuncia	3.310,49	4.786,31	1.076,81
	4ª revisión			2.724,95	613,13
EIM Sta Cristina-Lavadores	3ª revisión	Renuncia	3.479,33	5.030,37	1.131,77
	4ª revisión			2.863,90	644,48
Subtotal			10.132,12	22.988,84	5.172,35
TOTAL ATRASOS			38.293,31		

5º.- O importe da facturación mensual a partir do mes de decembro de 2014 será o seguinte:

Lote	Escola	Importe
I	Xestión EIM Atalaia-Teis	18.140,00 €/mes
II	Xestión EIM Costeira-Saiáns	17.967,64 €/mes
III	Xestión EIM Sta Cristina-Lavadores	18.883,84 €/mes

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1633).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DA XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SANTA MARTA- CASCO VELLO. EXPTE. 11367/332.

Visto o informe de fiscalización do 22.12.14, e o informe xurídico do 26.12.14, dáse conta do informe-proposta do técnico superior de Educación do 16.12.14,

conformado polo concelleiro delegado de Educación e pola concelleira delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes

O 02/09/2010 a Xunta de Goberno Local adxudica a Colegio Los Milagros SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da Escola infantil municipal Santa Marta (expte 11367-332). No PCAP fíxase unha duración do contrato de catro anos e se establece a posibilidade de prorrogar o mesmo por un máximo de dous anos. O 08/08/2014 a XGL aproba a primeira prórroga (01/10/2014-30/09/2015).

Colegio Los Milagros SL, mediante escritos de datas 29/10/2011 e 20/02/2012 renuncia a percibir, durante o ano 2012, as cantidades que resulten das correspondentes revisións de prezos: entre o 01/01/2012 e o 30/09/2012 a correspondente ao período 01/10/2011-30/09/2012; e entre o 01/10/2012 e o 31/12/2012 a correspondente ao período 01/10/2012-30/09/2013.

O 30/03/2012 a XGL aproba a primeira revisión de prezos do contrato, polo período 08/2010-09/2011 para aplicar no período 10/2011-09/2012, polo importe de 216.965,33 euros/ano (18.080,44 euros/mes). Asimesmo, acéptase a renuncia expresa da empresa citada con anterioridade.

O 26/06/2013 a oficina municipal de Contratación comunica ao servizo de Educación que a seguinte revisión de prezos, como sempre solicitada polo servizo xestor ao departamento municipal de Contratación, deberá ser a partir desta data realizada polo propio servizo, devolvendo o correspondente expediente.

Durante este período de tempo, seguindo instrucións dos diferentes concelleiros/as delegados da área de Educación, posponse a tramitación dos expedientes de revisión de prezos correspondentes.

O 30/10/2014 e o 07/11/2014 remítese á Intervención xeral o expediente para regularización dos prezos deste contrato, sendo devolto nas dúas ocasións para reformular a proposta.

Tras estas consideracións, que dan conta da complexidade que concorre neste expediente, e tras as conversas mantidas coa Intervención municipal, infórmase do seguinte:

A segunda revisión de prezos, polo período 09/2011-09/2012, para aplicar no período 10/2012-09/2013, recollerá a variación do 85% do IPC do período 09/2011-09/2012 (segundo INE, IPC período 3,4%; 85%=2,89%), que aplicado ao prezo do contrato ascende a 223.235,62 euros/ano.

A terceira revisión de prezos, polo período 09/2012-09/2013, para aplicar no período 10/2013-09/2014, recollerá a variación do 85% do IPC do período 09/2012-09/2013 (segundo INE, IPC período 0,3%; 85%=0,26%), que aplicado ao prezo do contrato ascende a 223.816,03 euros/ano.

A cuarta revisión de prezos, polo período 09/2013-09/2014, para aplicar no período 10/2014-09/2015, recollerá a variación do 85% do IPC do período 09/2013-09/2014 (segundo INE, IPC período -0,2%; 85%=-0,17%), que aplicado ao prezo do contrato ascende a 223.435,54 euros/ano.

En consecuencia do anteriormente exposto, existen atrasos a favor da empresa adxudicataria nos seguintes importes:

EIM Santa Marta (Expte 11367/332)

Periodo	01/10/12-31/12/12	01/01/13-30/09/13	01/10/13-30/09/14	01/10/14-30/11/14
2ª revisión	renuncia	4.702,73 (6.270,30€/ano:1 2 meses x 9)	6.270,30	1.045,05 (6.270,30€/ano:12 meses x 2)

3ª revisión			580,41	96,74 (580,41€:12 x 2)
4ª revisión				- 63,42 (-380,49€:12 x 2)
Subtotal		4.702,73	6.850,71	1.078,37
Total atrasos	12.631,81 euros			

Para poder afrontar o gasto indicado e conforme ás instrucións da concelleira de Educación, detraeráse esta obriga económica da partida 3210.227 99 05 (Escola infantil de Navia) xa que, debido ao retraso na execución das obras, non está previsto o inicio da actividade da citada escola infantil no que resta de ano, polo que non afectará ao normal desenvolvemento do Servizo.

Á vista das anteriores consideracións, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar a segunda revisión de prezos do contrato da xestión da escola infantil municipal Santa Marta polo periodo de revisión 09/2011-09/2012, para aplicar no periodo de facturación 10/2012-09/2013, quedando o importe do contrato para ese periodo en 223.235,62€/ano.

2º.- Aceptar a renuncia expresa do adxudicatario a percibir a cantidade resultante da segunda revisión no periodo 01/10/2012-31/12/2012.

3º.- Aprobar a terceira revisión de prezos do contrato da xestión da escola infantil municipal Santa Marta polo periodo de revisión 09/2012-09/2013, para aplicar no periodo de facturación 10/2013-09/2014, quedando o importe do contrato para ese periodo en 223.816,03€/ano.

4º.- Aprobar a cuarta revisión de prezos do contrato da xestión da escola infantil municipal Santa Marta polo periodo de revisión 09/2013-09/2014, para aplicar no periodo de facturación 10/2014-09/2015, quedando o importe do contrato para ese periodo en 223.435,54€/ano.

5º.- Recoñecer en concepto de atrasos, pola segunda, terceira e cuarta revisión de prezos, polo periodo comprendido entre o 01/10/2012 e o 30/11/2014 os seguintes importes:

EIM Santa Marta (Expte 11367/332)

Periodo	01/10/12-31/12/12	01/01/13-30/09/13	01/10/13-30/09/14	01/10/14-30/11/14
2ª revisión	renuncia	4.702,73 (6.270,30€/ano:1 2 meses x 9)	6.270,30	1.045,05 (6.270,30€/ano:12 meses x 2)
3ª revisión			580,41	96,74 (580,41€:12 x 2)
4ª revisión				- 63,42 (-380,49€:12 x 2)
Subtotal		4.702,73	6.850,71	1.078,37
Total atrasos	12.631,81 euros			

6º.- O importe da facturación mensual a partir do mes de decembro de 2014 será de 18.619,62€/mes

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1634).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DA XESTIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA. EXPTE. 3476/3352.

Visto o informe de fiscalización do 23.12.14, e o informe xurídico do 26.12.14, dáse conta do informe-proposta do técnico superior de Educación do 18.12.14, conformado polo concelleiro delegado de Educación e pola concelleira delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes

O 13/09/2010 a Xunta de Goberno Local adxudica a Wenceslao Cabezas del Toro o procedemento aberto do servizo de impartición de ensinanzas da Escola Municipal de Danza (EMD) do Concello de Vigo (expte 3476-335) por un prezo total de 260.000 euros (130.000,00 euros/ano). No PCAP fíxase unha duración do contrato de dous anos e se establece a posibilidade de prorrogar o mesmo por un máximo de dous anos. O 29/06/2012 a XGL aproba a primeira prórroga (01/10/2012-30/09/2013) e o 02/08/2013 aproba a segunda (01/10/2013-30/09/2014).

Wenceslao Cabezas del Toro, mediante escrito de data 05/03/2012 renuncia a actualización-revisión de prezos pola variación dos índices correspondentes ao ano 2011 a aplicar no ano 2012.

O 18/05/2012 a XGL aproba a primeira revisión de prezos do contrato, polo periodo 09/2010-09/2011 para aplicar no periodo 10/2011-09/2012, polo importe de 133.771,23 euros/ano.

A EMD pasa a depender da concellería de Educación a partir do ano 2013; con anterioridade é unha dependencia municipal da concellería de Cultura, Festas e Animación Sociocultural.

Durante este periodo de tempo, seguindo instrucións dos diferentes concelleiros/as delegados da área de Educación, posponse a tramitación dos expedientes de revisión de prezos correspondentes.

Tras estas consideracións, que dan conta da complexidade que concorre neste expediente, e tras as conversas mantidas coa Intervención municipal, infórmase do seguinte:

A segunda revisión de prezos, polo periodo 09/2011-09/2012, para aplicar no periodo 10/2012-09/2013, recollerá a variación do 85% do IPC do periodo 09/2011-09/2012 (segundo INE, IPC periodo 3,4%; 85%=2,89%), que aplicado ao prezo do contrato ascende a 140.778,56 euros/ano (IPC: 3.954,22.)

A terceira revisión de prezos, polo periodo 09/2012-09/2013, para aplicar no periodo 10/2013-09/2014, recollerá a variación do 85% do IPC do periodo 09/2012-09/2013 (segundo INE, IPC periodo 0,3%; 85%=0,26%), que aplicado ao prezo do contrato ascende a 141.144,59 euros/ano (IPC: 366,03€/ano).

En consecuencia do anteriormente exposto, existen atrasos a favor da empresa adxudicataria nos seguintes importes:

EMD (Expte 3476/335)

Periodo	10/2012-09/2013	10/2013-09/2014
2ª revisión	Renuncia	3.954,22
3ª revisión		366,03
Total	4.320,25	

Para poder afrontar o gasto indicado e conforme ás instrucións da concelleira de Educación, detraerese esta obriga económica da partida 3210.227 99 05 (Escola infantil de Navia) e bolsa de vinculación xa que, debido ao retraso na execución das obras, non está previsto o inicio da actividade da citada escola infantil no que resta de ano, polo que non afectará ao normal desenvolvemento do Servizo.

Á vista das anteriores consideracións, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar a segunda revisión de prezos do contrato da xestión da escola municipal de danza (EMD) polo periodo de revisión 09/2011-09/2012, para aplicar no periodo de facturación 10/2012-09/2013, quedando o importe do contrato para ese periodo en 140.778,56€/ano (IVE incluído).

2º.- Aceptar a renuncia expresa do adxudicatario a percibir a cantidade resultante da segunda revisión no periodo 10/2012-09/2013.

3º.- Aprobar a terceira revisión de prezos do contrato da xestión da EMD polo periodo de revisión 09/2012-09/2013, para aplicar no periodo de facturación 10/2013-09/2014, quedando o importe do contrato para ese periodo en 141.144,59€/ano.

5º.- Recoñecer en concepto de atrasos, pola segunda e terceira revisión de prezos, polo periodo comprendido entre o 01/10/2012 e o 30/09/2014 os seguintes importes:

Periodo		
2ª revisión		
3ª revisión		
Total		

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1635).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DA OBRA “CUBRICIÓN DAS ESCALEIRAS MECÁNICAS NA RÚA SEGUNDA REPÚBLICA”. EXPTE. 2792/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 26.12.14, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 26.12.14, conformado polo concelleiro-delegado de dita Área, que di o seguinte:

Obra: "CUBRICIÓN DAS ESCALEIRAS MECÁNICAS NA RÚA SEGUNDA REPÚBLICA". Expte. 2543/440.

Localidade e situación: RÚA SEGUNDA REPÚBLICA.

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.

Autor/a do proxecto: D. ALBERTO MORENO PIKE.

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL, Da. MARÍA FRANCISCA ARLANDIS MARRA

Contratista titular do plan: COPCISA S.A.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:----.

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. ALBERTO MORENO PIKE.

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. VICENTE PICOS GARCÍA (COPCISA S.A.).

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. JUAN COSTAS FERNÁNDEZ (APPLUS.).

Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: VICENTE PICOS GARCÍA.

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizos de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra "CUBRICIÓN DAS ESCALEIRAS MECANICAS NA RÚA SEGUNDA REPÚBLICA".*
- 2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.*

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria COPCISA, SA., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1636).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ABOAMENTO A CONTA DE MATERIAIS ACOPIADOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO “HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO. FASE I”. EXPTE. 2619/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23.12.14, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 23.12.14, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro delegado, ambos de dita Área, que di o seguinte:

Con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello o pasado 22 de decembro de 2014 a mercantil ORECO, S.A. contratista da execución das obras do proxecto de HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO. FASE 1 solicita se lle autorice a percibir a conta o 75% do valor dos materiais acopiados necesarios para executalas, por importe de 196.711,13 € (I.V.E incluído).

En relación coa dita solicitude infórmase o seguinte:

O artigo 232 da Lei 3/2011, de 14 de novembro que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, TRLCSP), no seu apartado 2, sinala que o contratista terá dereito a percibir abonos a conta sobre o seu importe polas operacións preparatorias realizadas, como instalacións e acopio de materiais ou equipos de maquinaria pesada adscritos á obra, nas condicións que se sinalen nos respectivos pregos de cláusulas administrativas particulares e conforme ao réxime e os límites que con carácter xeral determínense reglamentariamente, debendo asegurar os referidos pagos mediante a prestación de garantía.

A estes efectos, o prego de cláusulas administrativas particulares que rexeron esta contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 10 de outubro de 2014 na súa cláusula 30 establece o réxime de pagos.

O artigo 155 Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que aprobou o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (no sucesivo, RXCAP), establece no seu apartado 1 que “O contratista terá dereito a percibir abonos a conta ata o 75% do valor dos materiais acopiados necesarios para a obra previa autorización do órgano de contratación que terá por único obxecto controlar que se trata dos devanditos materiais e que se cumpren os seguintes requisitos:

- a) Que exista petición expresa do contratista, acompañando documentación justificativa da propiedade ou posesión dos materiais.*
- b) Que fosen recibidos como útiles e almacenados na obra ou lugares autorizados para iso.*
- c) Que non exista perigo de que os materiais recibidos sufran deterioración ou desaparezan.*
- d) Que o contratista preste a súa conformidade ao plan de devolución das cantidades anticipadas para deducilo do importe total das unidades de obra nos que queden incluídos os materiais redactado pola dirección de obra.*

No seu apartado 2, que as partidas correspondentes á materiais acopiados poderán incluírse na relación mensual ou noutra independente.

No seu apartado 3, que a efectos do cálculo do valor unitario do material tomarase o resultado de aplicar o coeficiente de adxudicación ao valor do custo inicial fixado no correspondente proxecto, incrementado, no seu caso, nas porcentaxes de beneficio industrial e gastos xerais.

Se a unidade de obra donde se atopa o material obxecto do abono, non tivera a regulamentaria descomposición de prezos e non figurara no proxecto o custo inicial, fixarase pola dirección de obra, non podendo sobrepasar o 50% do prezo da mesma.

E por último, no seu apartado 5, que soamente procederá o abono da valoración resultante do apartado 3 cando exista crédito suficiente con cargo á anualidade correspondente no exercicio económico vixente. No caso de que non se puidera cubrir a totalidade do abono a conta reflectido na relación valorada, procederase ao abono que corresponda ao crédito dispoñible da anualidade do exercicio económico de que se trate.

Tamén no que a este expediente interesa, indicar que de conformidade co previsto no artigo 157 seguinte, as garantías que deben constituírse por esixencia do artigo 232 do TRLCSP, para asegurar o importe total dos pagos a conta por acopios de materiais, rexeranse polo disposto para garantías na normativa vixente e o contratista terá dereito a súa cancelación total ou parcial a medida que vaian tendo lugar as deducións para o reintegro dos abonos a conta percibidos.

En conclusión e cumprindo os anteriores requisitos legais, o contratista ten dereito a que se lle abone a conta o valor do material acopiado, coas limitacións previstas na Lei.

Neste caso concreto o contratista achega a súa solicitude a seguinte documentación:

a) Relación valorada dos materiais acopiados, resultado de aplicar o coeficiente de adxudicación (34,75 %) ao valor do custo inicial fixado no proxecto , incrementado nas porcentaxes de beneficio industrial (13 %) e de gastos xerais (6%), conformado pola dirección da obra.

b) Certificación da dirección da obra acreditativa das partidas a que corresponden os materiais acopiados.

c) Plan de devolución das cantidades anticipadas para deducilo do importe total das unidades de obra nas que quedan incluídos os materiais asinado pola dirección da obra co conforme do propio contratista.

d) Facturas (ou outros documentos que podan suplilas) xustificativas da propiedade e posesión dos materiais.

e) Declaración responsable de que os materiais foron recibidos como útiles e almacenados na obra (ou outro lugar autorizado) e de que non existe perigo de que sufran danos ou desaparezan, conformada pola dirección da obra.

f) Compromiso de presentación de garantía polo importe total da certificación, constituída de conformidade co previsto no Título IV do TRLCSP e na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexiu a contratación, e que só poderá cancela a medida que vaian tendo lugar as deducións para o reintegro do importe dos abonos a conta percibidos.

Por isto a solicitude cumpre os requisitos legais antes indicados, polo que procede que o contratista reciba o importe do abono a conta por materiais acopiados que solicita.

Por outra banda, a partida 1550.619.00.07 do vixente orzamento de gastos dispón de crédito suficiente para o abono do importe solicitado.

(No caso de que non existira todo o importe pedido, aboarase só o que corresponda ao crédito dispoñible)

Previamente a someter o asunto á consideración da Xunta de Goberno Local, órgano de contratación de conformidade co disposto na disposición adicional segunda do TRLCSP, deberá emitir informe de fiscalización a Intervención Xeral.

Por isto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Autorizar aos directores das obras do proxecto de HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO. FASE 1a expedir certificación a favor da mercantil ORECO, S.A. por importe de 196.711,13 € IVE incluído, (correspondente ao 75% do valor dos materiais acopiados para executala), con cargo á partida 1550.619.00.07 do vixente orzamento de gastos municipal.

2º.- Previamente á aprobación da certificación e da correspondente factura, o contratista deberá constituír garantía e depositala na Tesourería Municipal polo importe total da certificación, en calquera das formas que autoriza o TRLCSP e conforme ao disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexiu a contratación, tendo como prazo máximo o día 29 de decembro de 2014.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1637).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ABOAMENTO A CONTA DE MATERIAIS ACOPIADOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO “HUMANIZACIÓN DA PRAZA MARTÍNEZ GARRIDO (ENTRE O CAMIÑO DOS MEDEIROS E O CAMIÑO SOBREIRO NO CALVARIO)”. EXPTE. 2517/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23.12.14, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 22.12.14, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro delegado, ambos de dita Área, que di o seguinte:

Con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello o pasado 19 de decembro de 2014 a mercantil UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U. contratista da execución das obras do proxecto de “ HUMANIZACIÓN DA PRAZA MARTÍNEZ GARRIDO (ENTRE O CAMIÑO DOS MEDEIROS E O CAMIÑO SOBREIRO NO CALVARIO ” solicita se lle autorice a percibir a conta o 75% do valor dos materiais acopiados necesarios para executalas, por importe de 25.526,62 € (I.V.E incluído).

En relación coa dita solicitude infórmase o seguinte:

O artigo 232 da Lei 3/2011, de 14 de novembro que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, TRLCSP), no seu apartado 2, sinala que o contratista terá dereito a percibir abonos a conta sobre o seu importe polas operacións preparatorias realizadas, como instalacións e acopio de materiais ou equipos de maquinaria pesada adscritos á obra, nas condicións que se sinalen nos respectivos pregos de cláusulas administrativas particulares e conforme ao réxime e os límites que con carácter xeral determínense reglamentariamente, debendo asegurar os referidos pagos mediante a prestación de garantía.

A estes efectos, o prego de cláusulas administrativas particulares que rexeron esta contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 1 de agosto de 2014 na súa cláusula 30 establece o réxime de pagos.

O artigo 155 Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que aprobou o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (no sucesivo, RXCAP), establece no seu apartado 1 que “O contratista terá dereito a percibir abonos a conta ata o 75% do valor dos

materiais acopiados necesarios para a obra previa autorización do órgano de contratación que terá por único obxecto controlar que se trata dos devanditos materiais e que se cumpren os seguintes requisitos:

- a) Que exista petición expresa do contratista, acompañando documentación justificativa da propiedade ou posesión dos materiais.
- b) Que fosen recibidos como útiles e almacenados na obra ou lugares autorizados para iso.
- c) Que non exista perigo de que os materiais recibidos sufran deterioración ou desaparezan.
- d) Que o contratista preste a súa conformidade ao plan de devolución das cantidades anticipadas para deducilo do importe total das unidades de obra nos que queden incluídos os materiais redactado pola dirección de obra.

No seu apartado 2, que as partidas correspondentes á materiais acopiados poderán incluírse na relación mensual ou noutra independente.

No seu apartado 3, que a efectos do cálculo do valor unitario do material tomarase o resultado de aplicar o coeficiente de adxudicación ao valor do custo inicial fixado no correspondente proxecto, incrementado, no seu caso, nas porcentaxes de beneficio industrial e gastos xerais.

